

A stylized illustration of two people holding hands. The person on the left has a yellow head and wears a purple long-sleeved shirt with yellow polka dots and grey pants. The person on the right has a brown head and wears an orange and white striped long-sleeved shirt and teal pants. The background is white.

PLAN DE IGUALDADE

CPI RAMÓN PIÑEIRO

**ELABORADO NO
CURSO 2019/2020**

ÍNDICE

| | |
|--|----|
| 1. Introducción..... | 2 |
| 2. Contextualización normativa e do centro..... | 2 |
| 3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa lgbtifobia..... | 5 |
| 4. Obxectivos coeducativos que se abordan co plan..... | 7 |
| 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres..... | 7 |
| 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero..... | 7 |
| 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual..... | 8 |
| 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia..... | 8 |
| 5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos..... | 8 |
| 5.1. Organización do centro..... | 8 |
| 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes..... | 9 |
| 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo..... | 9 |
| 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar..... | 10 |
| 6. Seguimento e avaliación do plan..... | 10 |

1. INTRODUCCIÓN

A sociedade actual debe ir en camiño de rematar coas inxustizas e conseguir a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a aceptación e normalización da diversidade afectivo-sexual e a erradicación da violencia de xénero. Dado o gran poder de transformación social que teñen as escolas, o noso centro opta pola coeducación como a ferramenta máis potente para conseguir estes fins e así conseguir unha sociedade máis igualitaria.

Para organizar as propostas de traballo coeducativas do CPI Ramón Piñeiro elabórase o presente Plan de Igualdade que persegue a incorporación integral e transversal da perspectiva de xénero en todas as actuacións do centro, e establece as medidas concretas de actuación que se van a desenvolver para acadar os obxectivos coeducativos.

Este plan elabórase seguindo a *Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de Plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da consellería de educación, universidade e formación profesional*, que sustentan o plan baixo os principios dos valores democráticos, a transversalidade, a inclusión, a violencia 0 nas aulas, a igualdade de oportunidades e a visibilidade.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

O presente Plan de Igualdade, enmarcado en torno ao I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, persegue desenvolver o principio de igualdade de oportunidades por razón de xénero e previr a LGTBifobia e a violencia de xénero, e para elo fundaméntase e ampárase nun marco normativo, tanto estatal como autonómico que se cita a continuación:

Normativa estatal:

- **Constitución** española de 1978.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a **violencia de xénero**.

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a **igualdade efectiva de mulleres e homes**.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (**LOE**).
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (**LOMCE**).
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as **competencias**, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Normativa autonómica:

- Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de **estatuto de autonomía** para Galicia.
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a **igualdade de mulleres e homes**.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da **violencia de xénero**
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola **igualdade de trato e a non discriminación** de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o **currículo** da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o **currículo** da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de **igualdade**
- Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de **materias de libre configuración** autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo , galega para a prevención e o tratamento integral da **violencia de xénero**.

Aínda que o CPI Ramón Piñeiro non contou con Plan de Igualdade ata o presente curso académico, levamos anos traballando en prol da igualdade, e tal e como recolle a lexislación educativa citada, foi plasmando nos seus documentos de centro aspectos que o dirixían a acadar obxectivos de igualdade e non discriminación.

Actualmente, os obxectivos coeducativos vense reflectidos nos distintos **plans e documentos** de organización do centro, tales como:

- No **Proxecto Educativo** a igualdade é recollida como un dos principios de identidade e marcase como un dos obxectivos xerais do centro: acadar a igualdade e non discriminación por razón de xénero e previr a LGTBIfobia e a violencia de xénero.
- Nas **Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia**, defínense as normas de convivencia que rexeitan todo tipo de discriminación e violencia por razóns de sexo, xénero ou orientación sexual. Ademais insta a revisar os documentos de centro para ser redactados cunha linguaxe inclusiva.
- O **Plan de Convivencia**, que está en proceso de revisión, inclúe as normas de convivencia do centro, así como as condutas contrarias á convivencia e a corrección das mesmas, no que se inclúen as condutas de acoso, discriminación, violencia de xénero ou maltrato por razón tanto de xénero como de orientación afectivo-sexual. Tamén se especifican actuacións preventivas para a mellora da convivencia tal como o Programa de habilidades sociais así como a concreción de actividades específicas para a visibilización e a sensibilización de toda a comunidade educativa. Ademais recóllese o Protocolo e procedementos de identificación de situacións de acoso escolar e ciberacoso, así como os procedementos para a súa corrección.
- No **Plan de Acción Titorial** inclúense programas que perseguen obxectivos coeducativos tales como programas de habilidades sociais e de resolución de conflitos ou o programa de Cineensino, así como actividades concretas que contribúen aos protocolos de identidade de xénero e a unha educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado e a igualdade de xénero tales como a visualización de filmes destas temática.
- No **Plan de Orientación Educativa** promóvese unha orientación laboral e profesional non sexista e libre de estereotipos de xénero e inclúense actividades concretas tales como o Plan Director que busca a prevención da violencia de xénero, actividades de sensibilización como unha obra de teatro sobre a violencia de xénero e a participación no Quérote +.
- No **Proxecto lector** e o **Plan de biblioteca** inclúe a sensibilización e a visibilización da muller e do colectivo LGTBI a través da adquisición de fondos e a promoción destes.

- E na **Programación Xeral Anual** inclúense actividades de sensibilización para concienciar a comunidade educativa co gallo das conmemoracións recollidas no calendario escolar tales como: o Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro), Día Escolar da non Violencia e da Paz (30 de xaneiro), Día Internacional da Muller (8 de marzo), Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (11 de febreiro) ou a celebración do colectivo LGBTI.

Ademais, en torno ao plan de igualdade nomeouse no Consello Escolar a unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar. Para o presente curso 2019-2020 esta persoa é Leticia Moreira González.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

Ao ser este curso académico o primeiro no que se elabora un Plan de igualdade, non se conta con ningún estudo previo que nos permita dispor dunha diagnose completa sobre a situación actual do centro. Por esta razón, cara ao vindeiro curso escolar 2020-21 pretendemos deseñar e realizar enquisas que nos permitan coñecer o sentir do noso centro ao redor da igualdade.

Realizouse unha recollida de **datos** para coñecer a relación entre home-muller nos distintos órganos do centro, de tal maneira que os resultados son os seguinte:

- Claustro: Total 32 membros, dos cales son 20 son mulleres e 12 homes. Estes datos podémolos desglosar para comprobar as fendas de xénero de tal maneira: na etapa de Educación Infantil hai 4 mulleres e 0 homes; en Educación Primaria hai 9 mulleres e 3 homes; e en Educación Secundaria Obrigatoria hai 7 mulleres e 9 homes. Observamos deste xeito que a o equilibrio entre home e muller vai en aumento a medida que avanzan as etapas educativas.
- Consello Escolar: un total de 18 membros, dos cales son 11 son mulleres e 7 homes.
- Equipo Directivo: un total de 4 membros, das cales 2 son homes e 2 mulleres.
- Persoal non docente: 1 muller administrativa, 1 home conserxe, 1 muller ATE, 3 mulleres no persoal de cociña e 2 mulleres de persoal de limpeza.
- En canto ao alumnado:

- Educación Infantil:
 - 4º de EI: 22 en total, dos cales son 10 nenos e 12 nenas.
 - 5º de EI: 10 en total, dos cales son 4 nenos e 6 nenas.
 - 6º de EI: 16 en total, dos cales son 9 nenos e 7 nenas.
- Educación Primaria:
 - 1º de EP: 9 en total, dos cales son 4 nenos e 5 nenas.
 - 2º de EP: 10 en total, dos cales son 4 nenos e 6 nenas.
 - 3º de EP: 12 en total, dos cales son 5 nenos e 7 nenas.
 - 4º de EP: 9 en total, dos cales son 5 nenos e 4 nenas.
 - 5º de EP: 18 en total, dos cales son 8 nenos e 10 nenas.
 - 6º de EP: 11 en total, dos cales son 3 nenos e 8 nenas.
- Educación Secundaria Obrigatoria:
 - 1º de ESO: 21 en total, dos cales son 11 rapaces e 10 rapazas.
 - 2º de ESO: 16 en total, dos cales son 10 rapaces e 6 rapazas.
 - 3º de ESO: 19 en total, dos cales son 12 rapaces e 6 rapazas.
 - 4º de ESO: 16 en total, dos cales son 11 rapaces e 5 rapazas.
- En canto os resultados académicos do alumnado:
 - Alumnado que promociona con avaliación positiva no curso 18-19: 154 en total, dos cales 79 son mulleres e 75 homes.
 - Alumnado que promociona por promoción obrigatoria no curso 18-19: 12 en total, dos cales 4 son mulleres e 8 homes.
 - Alumnado que non promociona: 13 en total, dos cales 3 son mulleres e 10 homes.
 - Alumnado que repete no curso 18-19: 10 en total dos cales 3 son mulleres e 7 homes.
 - Alumnado que titula no curso 18-19: 16 en total dos cales 9 son mulleres e 7 son homes.
 - Itinerarios formativos no curso 18-19: nas ensinanzas académicas hai 14 en total dos cales 9 son mulleres e 5 homes; e nas ensinanzas aplicadas hai un total de 3, os cales son 3 homes e 0 mulleres.
 - Alumnado con materias con avaliación negativas: 230 en total, dos cales 80 son mulleres e 150 homes.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN CO PLAN

Un dos propósitos da sociedade actual e acadar a igualdade real de xénero, eliminar a LGTBIfobia e acabar coa violencia de xénero. Nestes aspectos o sistema educativo constitúe un instrumento fundamental e o CPI Ramón Piñeiro é consciente do papel que representa, polo que pretende integrar de maneira transversal e en todas as etapas educativas a promoción dos valores necesarios para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Polo tanto, para o presente curso 2019-2020 e coa posta en acción deste plan preténdese acadar os seguintes **obxectivos** coeducativos:

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres:

- ✓ Visibilizar e eliminar os estereotipos de xénero, comportamentos sexistas e prexuízos por razón de sexo ou xénero.
- ✓ Fomentar o espírito crítico ante as situacións de desigualdade que se perciben no entorno próximo ou fóra del.
- ✓ Promover a elección dun futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero.
- ✓ Dar a coñecer e recoñecer o papel das mulleres na Historia.
- ✓ Fomentar a participación e a implicación das familias no traballo coeducativo.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero:

- ✓ Impulsar accións e actividades educativas dirixidas a comunidade escolar que permitan a prevención da violencia de xénero.
- ✓ Dar a coñecer o concepto de violencia de xénero e todas as súas representacións (violencia física, psicolóxica, económica, sexual, acoso e explotación sexual).
- ✓ Promover en todas as etapas educativas unha convivencia baseada no respecto e a comprensión da igualdade así como a aprendizaxe de habilidades sociais e de resolución pacífica de conflitos.
- ✓ Facilitar orientacións para a detección precoz da violencia de xénero e outras formas de abuso, control, acoso e outras violencias asociadas.
- ✓ Apoiar e intervir co alumnado vítima de violencia de xénero.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual:

- ✓ Por en valor a diversidade de xénero, sexual e afectiva.
- ✓ Visibilizar os diferentes modelos de familia.
- ✓ Colaborar con axentes socio-educativos para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia:

- ✓ Visibilizar a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- ✓ Impulsar actividades de sensibilización, información e formación sobre actitudes e comportamentos discriminatorios por orientación sexual ou identidade de xénero.
- ✓ Informar sobre os mecanismos de denuncia en casos de acoso.
- ✓ Por en acción mecanismos de corrección ante situacións de acoso por estas razóns.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUIMTES ÁMBITOS

Para o curso 2019-20 o noso centro acordou realizar as seguintes medidas de actuación co fin de impulsar os obxectivos coeducativos. Detallámoslos segundo o **ámbito** de actuación.

5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Promover a inclusión de actuacións coeducativas nos documentos de organización do centro.
- Difundir o plan de igualdade entre os distintos axentes da comunidade educativa.
- Nomear a unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade. Actuará como persoa coordinadora en materia de igualdade para dirixir as accións enmarcadas no presente plan. Actualmente esta persoa é Leticia Moreira González, mestra de Pedagogía Terapéutica da ESO, e fronte a outros programas nos que participa o centro, non dispón de horario lectivo para realizar a súa actividade.
- Promover o uso dunha linguaxe inclusiva e igualitaria nas actividades do centro.
- Colaborar coa ANPA na realización de actividades coeducativas e de sensibilización en materia de igualdade.

- Crear un taboleiro que recolla información de interese sobre a igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e que sirva de sensibilización e visibilización da igualdade.

5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES

- Procurar a revisión das programacións didácticas e o material didáctico dende unha perspectiva de xénero, co fin de incluír: mulleres relevantes en cada ámbito do saber, a conquista dos dereitos e as desigualdades de xénero e completar a historia da humanidade.
- Incluír na práctica docente a educación en valores, estratexias para a resolución pacífica de conflitos, a convivencia pacífica, a comunicación non violenta e o fomento do espírito crítico fronte as desigualdades.
- Realizar un estudo da situación do centro en relación a igualdade de xénero, a violencia de xénero e a LGTBIfobia a través da elaboración e análise de enquisas.
- Realizar actividades de conmemoración de datas coeducativas do calendario escolar tales como: o Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro), Día Escolar da non Violencia e da Paz (30 de xaneiro), Día Internacional da Muller (8 de marzo), Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (11 de febreiro) e a ao redor das datas de celebración LGBTI.

5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO

- Difundir información sobre igualdade, violencia de xénero e diversidade LGBTI a través dun taboleiro no centro.
- Colocar un “buzón violeta” que sirva para a recollida de propostas e suxestións en materia de igualdade así como para a denuncia de situacións de acoso, violencia ou discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación afectivo-sexual.
- Incrementar os fondos da biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo ao feminismo e a diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero. Ademais difundiranse este material a comunidade educativa a través da elaboración dunha guía que recolla todos os recursos dispoñibles na biblioteca

en materia de igualdade, para así facilitar este material como apoio e recurso didáctico as/aos titoras/es.

- Vanse xestionar as actividades de lecer e a ocupación do patio para favorecer a inclusión de todo o alumnado e a convivencia escolar. Con este obxectivo, en educación primaria están pondo en acción o proxecto “Recreos activos” que inclúe a reestruturación dos espazos do patio, a incorporación de normas, alumnos/as responsables de xestionar as actividades, impulsar a práctica de determinados xogos/xoguetes sen caer segregación por sexos...
- Promover unha orientación laboral e profesional non sexista e libre de estereotipos de xénero.

5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

- Promover o respecto e o bo trato entre homes e mulleres, o coidado entre persoas, o respecto cara á diversidade afectivo-sexual e de xénero e a corresponsabilidade na realización de tarefas.
- Establecer compromisos a nivel aula para o respecto entre iguais e a convivencia pacífica.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Sendo este o primeiro ano que botamos a andar o plan de igualdade do centro, ao cabo do ano faremos balance para supervisar os seguintes aspectos:

- Grao de adquisición dos contidos marcados.
- Cumprimento das medidas recollidas no plan establecido.
- Impacto e alcance na comunidade educativa das accións desenvolvidas.
- Grao de participación e implicación dos distintos axentes da comunidade educativa.
- Dificultades e imprevistos no desenvolvemento das accións.
- Suxestións e propostas para vindeiros cursos.

A análise e valoración destes datos recollerase nunha memoria, na que ademais se tratará de establecer propostas de mellora para os vindeiros cursos escolares co fin de axustar a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos ao noso contexto escolar.